## A LA MESA DEL CONGRESO

**El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las limitaciones en el sistema de venta de billetes en las conexiones entre la Galicia y Madrid.**

El actual sistema de ventas mantiene limitaciones de fechas que dificultan a las personas usuarias planificar sus viajes así como la posibilidad de comprar con una antelación suficiente que permita acceder a mejores precios. Así, a partir de hoy, si una persona intenta comprar un billete de tren Madrid - A Coruña, Madrid - Santiago, Madrid - Pontevedra o Madrid - Vigo para el fin de semana del 25 de abril, a un mes vista, no podrá hacerlo. La plataforma no ofrece ninguna conexión disponible y aparece un mensaje que indica que «no hay trenes para los criterios seleccionados».

No obstante, no se trata de un problema reciente, sino que viene repitiéndose en los últimos años. De hecho, el propio ministro de Transportes reconoció, en respuesta al BNG, las limitaciones de la plataforma y la necesidad de mejorarla.

Resulta irónico que, dadas las limitaciones señaladas, RENFE esté publicitando una campaña para que los usuarios compren «los billetes con antelación al mejor precio» para viajar en AVE, Avlo, larga distancia y AVE internacional, también en nuestro país, considerando que Galicia queda excluida de esta posibilidad que permite a los usuarios y usuarias del ferrocarril planificar con tiempo sus viajes, en especial si coinciden con puentes o festivos, así como aprovechar las ofertas.

La política comercial de Renfe respecto a la venta de billetes en los trenes gallegos es limitativa e impide a los viajeros y viajeras beneficiarse de los mejores precios disponibles en las ventas anticipadas, por lo que el coste acaba siendo claramente más caro. Así, son reiteradas las quejas por los elevados precios de los trenes entre Galicia y Madrid, pues, cuando por fin los usuarios y usuarias pueden acceder a la compra de billetes para fechas de alta movilidad, las tarifas de partida son ya muy elevadas.

Los billetes se ponen a la venta con muy poca antelación y a precios excesivamente elevados para la mayoría de la sociedad. Además, al tratarse de una práctica reiterada que Renfe no corrige, podemos afirmar que se trata de una actuación intencionada, de la que la compañía pretende sacar el mayor rédito posible. Se aprovecha la alta demanda y la gran cantidad de personas que esperan el momento en que se pongan a la venta los billetes de los trenes entre Galicia y Madrid, de forma que, cuando se ponen a la venta, a pesar de los altos precios, los billetes se agotan en poco tiempo porque ya no quedan muchas opciones para viajar.

El Ministerio afirmó que los precios serían más competitivos una vez entraran en servicio los trenes Avril o cuando se normalizasen las frecuencias una vez acabadas las obras pendientes, como las de la estación de Chamartín Clara Campoamor, al aumentar las plazas disponibles, pero no ha sido así.

Por lo tanto, los elevados precios solo pueden atribuirse a una política de precios que los promueve y aprovecha la alta demanda. La situación es claramente discriminatoria para los usuarios y usuarias de las conexiones ferroviarias entre Galicia y Madrid, que deben pagar precios muy elevados por los billetes al no disponer de alternativas ni de la posibilidad de planificar sus viajes con suficiente antelación. Por tanto, es necesario que Renfe aborde el problema de los precios elevados y adopte las medidas necesarias para solucionarlo, empezando por la posibilidad de compra anticipada con suficiente antelación y por el incremento de plazas y/o conexiones para así cubrir la demanda actual sin incrementar los precios.

**Por los razones motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Cuáles son las razones por las que, a 27 de marzo, Renfe sigue sin tener a la venta los billetes de tren para las conexiones ferroviarias entre Madrid – A Coruña, Madrid – Santiago, Madrid – Vigo o Madrid – Pontevedra a un mes vista impidiendo que las personas usuarias puedan adquirir sus billetes con antelación y a mejores precios?

2. ¿Cuál es la justificación o motivación de esta política comercial absolutamente limitante para los usuarios y usuarias del tren que no pueden planificar sus viajes con antelación?

3. ¿Son conscientes de que la falta de previsión suficiente en la venta de billetes de larga distancia en las conexiones ferroviarias entre Galicia y Madrid mantiene a miles de personas pendientes de la fecha en que se pueden adquirir los billetes y que estos se agotan en poco tiempo? ¿Es ese el motivo por el que Renfe pone a la venta billetes a precios elevados?

4. ¿Qué disposición tiene Renfe a aplicar una política de precios en los billetes de larga distancia entre Galicia y Madrid que favorezca la disponibilidad de viajes a mejores precios y promociones, como se hace actualmente en otros territorios del Estado?

5. ¿Tienen previsto implantar las mejoras necesarias en la plataforma de venta de billetes de Renfe para que los billetes entre Galicia y Madrid se puedan comprar con un año de antelación, tal y como se ha anunciado en otros servicios del Estado? ¿De ser así, cuándo se harán efectivas?

6. ¿Tienen previsto lanzar ofertas o nuevas promociones para los billetes de conexiones ferroviarias entre Galicia y Madrid este año? ¿De ser así, cuándo?

7. ¿Cuál es el número total de plazas ofertadas actualmente en los desplazamientos entre Galicia y Madrid? ¿Se proporciona cobertura total a la demanda actual? ¿Cuando tienen previsto aumentar las plazas? ¿De ser así, cuándo y mediante qué mecanismos?

Madrid, a 28 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

C.DIP 63371 28/03/2025 13:53

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
28 MAR. 2025 10:25:14
Entrada 63155

# Sobre as limitacións na venda anticipada de billetes de tren nas conexiónse entre a Galiza e Madrid

| | |
|---|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 63371 28/03/2025 13:53

**Á MESA DO CONGRESO**

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás limitacións no sistema de venda de billetes nas conexións entre a Galiza e Madrid.**

O actual sistema de venda mantén unhas limitacións de datas que dificulta a planificación das viaxes ás persoas usuarias e a posibilidade de compra coa suficiente antelación que permita acceder a mellores prezos. Así, a día de hoxe, se unha persoa intenta mercar un billete de tren Madrid - A Coruña, Madrid – Santiago, Madrid - Pontevedra ou Madrid - Vigo para a fin de semana do 25 de abril, a un mes vista, non pode facelo. A plataforma non ofrece ningunha conexión dispoñíbel e aparece un rótulo indicando que “non hai trens para os criterios seleccionados”.

Porén, non se trata dun problema recente, senón que vense reproducindo nos últimos anos de forma recorrente, de feito, o propio Ministro de Transportes recoñeceu, en resposta ao BNG, as limitacións da plataforma e a necesidade de melloralo.

Parece irónico que, dadas as limitacións indicadas, RENFE dea publicidade á campaña para que os usuarios e usuarias merquen “os billetes con antelación ao mellor prezo” para viaxar en AVE, Avlo, longa distancia e AVE internacional, tamén no noso País, posto que Galiza fica excluída desa posibilidade que

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
28 MAR. 2025 10:25:14
Entrada 63155

permite aos usuarios e usuarias do ferrocarril planificar con tempo as súas viaxes, especialmente se coinciden con pontes ou vacacións, así como de aproveitar as ofertas.

A política comercial de Renfe en relación á venda de billetes nos trens galegos é limitativa e impide que os viaxeiros e viaxeiras podan beneficiarse dos mellores prezos dispoñíbeis na venda anticipada, por tanto, o custo acaba sendo claramente máis caro. Así, son reiteradas as queixas de persoas polos elevados prezos dos trens entre Galiza e Madrid, pois, cando por fin os usuarios e usuarias poden acceder á compra de billetes para datas de alta mobilidade, as tarifas de partida son xa moi elevadas.

Póñense á venda con moi pouca marxe de antelación e a prezos excesivos para as maiorías sociais. Ademais, posto que se trata dunha práctica reiterada e que Renfe non corrixe, podemos afirmar que se trata de algo intencionado, en que a compañía pretende sacar o maior lucro posíbel da situación. Aproveita a alta demanda e o elevado número de persoas pendentes do momento en que saen á venda os billetes para os trens entre Galiza e Madrid, de forma que, cando son postos á venda, a pesar das altos prezos, os billetes esgótanse en pouco tempo porque xa non hai moitas opcións para viaxar.

O Ministerio afirmou que os prezos serían máis competitivos unha vez que entrasen en funcionamento os trens Avril ou unha vez se normalizaran as frecuencias cando rematen as obras pendentes, como as da Estación de Chamartín Clara Campoammor, pois aumentarían as prazas dispoñíbeis porén, non foi así.

Por tanto, os elevados prezos só poden achacarse a unha política tarifaria que os promove e que aproveita a elevada demanda. A situación é claramente discriminatoria para os usuarios e usuarias das conexións ferroviarias entre a Galiza e Madrid, que deben pagar os billetes a prezos moi elevados por non dispor de alternativas nin a posibilidade de planificar coa suficiente antelación as viaxes. É preciso, en consecuencia, que Renfe aborde o tema dos elevados prezos e adopte as medidas precisas para solucionalo, a comezar pola

posibilidade de compra anticipada co antelación suficiente e polo incremento de prazas e/ou conexións que cubra a actual demanda sen encarecer os prezos.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Cales son as razón polas que a día 27 de marzo Renfe aínda non teña á venda os billetes de tren para as conexións ferroviarias entre Madrid - A Coruña, Madrid - Santiago, Madrid - Vigo ou Madrid - Pontevedra a un mes vista impedindo que as persoas usuarias poidan adquirir os seus billetes con antelación e a mellores prezos?

2. Cal é a xustificación ou motivación desta política comercial absolutamente limitativa para os usuarios e usuarias de tren que non poden planificar as súas viaxes con antelación?

3. É consciente de que a falta de previsión suficiente na venda dos billetes de longa distancia nas conexións ferroviarias entre a Galiza e Madrid mantén a miles de persoas pendentes da data de saída dos billetes e que se esgotan en pouco tempo? É esa a razón pola que Renfe pon os billetes á venda a prezos elevados?

4. Que disposición ten Renfe a aplicar aos billetes de longa distancia entre a Galiza e Madrid unha política tarifaria que favoreza a dispoñibilidade de viaxes a mellores prezos e promocións como xa se fai na actualidade noutros territorios do Estado?

5. Ten previsto implementar as melloras necesarias na plataforma de venda de billetes de Renfe para que se poidan adquirir os billetes entre a Galiza e Madrid cun ano de antelación como ten anunciado noutros servizos do Estado? De ser así cando se fará efectiva?

C.DIP 63371 28/03/2025 13:53

6. Ten previsto lanzar ofertas ou novas promocións para os billetes das conexións ferroviarias entre a Galiza e Madrid neste ano? De ser así cando?

7. Cal é o número total de prazas ofertado na actualidade nos desprazamentos entre a Galiza e Madrid? Da cobertura total á actual demanda? Cando ten previsto o seu incremento? De se así cando e mediante que mecanismos?

Madrid, a 28 de marzo de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**

28 MAR. 2025 10:25:14 Entrada: 63155